

España é un dos principais vendedores de armas, pretérechos bélicos e municións a países do África subsahariana e oriental, na que ao menos dez nacións padecen agora mesmo guerras “civís” extremadamente crueis: Burundi, Chad, Eritrea, Malí, Mauritania, Nixeria, República Centroafricana, República Democrática do Congo, Somalia e Sudán.

En todos e cada un deses países, hai diferentes grupos armados (gubernamentais ou insurxentes) que controlan os recursos mineiros e agropecuarios, valéndose de todas as crueldades imaxinábeis sobre a poboación autóctona. Unhas veces, exercen ese control directamente e venden o produto no “mercado negro”, ao que acoden e “branquean” as multinacionais. Outras veces, as máis, límitanse a actuar como sicarios a soldo, garantés ante as grandes empresas Occidentais, de la explotación da mano de obra en réxime de práctica escravitude.

RESULTADO: Esas nacións, no seu conxunto, aportan máis do 80% dos inmigrantes e desplazados forzosos que chegan ás costas líbias e marroquis.